

DECRETO

REXEITAMENTO DA DEDICACIÓN PARCIAL ASIGNADA A DONA MARÍA REIGOSA CASTRO, CONCELEIRA DESTA CORPORACIÓN (2025/G001/011804).

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto que no Pleno celebrado o pasado día 30 de outubro de 2025 tomou posesión como concelleira desta corporación dona María Reigosa Castro.

Tendo en conta, así mesmo, que esta Alcaldía ditou o Decreto número 10280, do 4 de novembro de 2025, -que entrou en vigor o día 10 de novembro seguinte-, no que se reflicte unha nova organización municipal con motivo da toma de posesión da concelleira antes sinalada, asignándolle a Concellería Delegada de Cohesión Territorial.

Visto, así mesmo, o Acordo número 5/166 do Pleno do 27 de novembro de 2025, polo que se aprobou MODIFICAR o Acordo número 6/78 adoptado na sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o 26 de xuño de 2023 -modificado á súa vez polos acordos número 3/17 do Pleno extraordinario, do 1 de febreiro de 2024, e 8/90 do Pleno ordinario, do 30 de maio de 2024, e 4/57 do Pleno ordinario, do 30 de abril de 2025-, *no sentido de adaptar a denominación das tenencias de Alcaldía e concellerías delegadas ao establecido no Decreto 10280/2025, do 4 de novembro, polo que se establece a nova organización municipal que entrará en vigor o 10 de novembro de 2025*, cunha nova redacción nos parágrafos PRIMEIRO e SEGUNDO da súa parte dispositiva, e que no que lle atinxe a dona María Reigosa Castro sinala que dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, está dotado en réxime de dedicación parcial (cun 12% da dedicación exclusiva) na contía de 6.597,86 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), o seguinte cargo:

- Á Concellería Delegada de Cohesión Territorial.

Visto o escrito remitido vía e-mail o día 4 de novembro de 2025, por dona María Reigosa Castro, no que *comunica a renuncia ás responsabilidade asignadas na área de goberno municipal como membro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, así coma ás retribucións correspondentes á adicación parcial correspondente ás mesmas.*

Esta Alcaldía sendo consciente de que a incorporación de dona María Reigosa Castro se produce nun momento no que o mandato corporativo se atopa moi avanzado e que tal circunstancia dificulta á señora concelleira a asunción das competencias delegadas xunto co desempeño do seu labor funcional e docente, **RESOLVE**, ao abeiro do establecido no artigo 124.4.g) da Lei de bases de réxime local:

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Refº: ispac4127858971921244674.doc

Asunto: REXEITAMENTO DEDICACIÓN PARCIAL DONA MARÍA REIGOSA CASTRO

Primeiro.- Aceptar a renuncia de dona María Reigosa Castro á titularidade da Concellería Delegada de Cohesión Territorial que lle foi atribuída con efectos do 10 de novembro de 2025 e, polo tanto, á percepción da dedicación parcial que lle foi asignada polo Acordo 5/166 do Pleno do 27 de novembro de 2025, mantendo o cargo de concelleira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE.

Segundo.- Someter a dona María Reigosa Castro ao disposto no artigo 75.3 da Lei de bases da réxime local, segundo o cal percibirá asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación dos que forme parte, na contía sinalada no acordo plenario antes reflectido, dado que manterá o cargo de concelleira desta corporación

Terceiro.- Notificarlle esta resolución á dita concelleira, aos servizos Económicos e ao de Persoal para os efectos oportunos.

Cúmprase.

Asinado electronicamente polo Excmo. Sr. alcalde, don Miguel Fernández Méndez.